



**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Integrados de Formación Profesional**

# Plan de Convivencia do CIFP

**Centro: CIFP Montecelo**

**Período: 2023\_2027**

## Índice

---

1.	Xustificación do plan de convivencia de centro .....	3
	Factores sociais .....	3
	Factores psicolóxicos .....	4
	Factores educativos .....	4
2.	Obxectivos .....	5
3.	Análise do contexto .....	6
	Detección de necesidades .....	6
	Indicadores .....	7
4.	Liñas de prevención .....	7
	Implicar a toda a comunidade educativa na mellora da convivencia no centro	8
	Promover accións preventivas .....	8
	Promover a resolución pacífica de conflitos .....	8
	Potenciar a acción tutorial .....	8
	Promover a igualdade .....	8
5.	Acoso escolar. ....	9
	5.1 Onde se produce.....	9
	5.2 Sinais de alerta.....	9
	5.3 Consellos de actuación do profesorado.....	10
6.	Mediación .....	11
	6.1 Definición do servizo de mediación escolar.....	11
	6.2 Solicitude da mediación escolar.....	11
	6.3 Conflitos que se atenden.....	11
	6.4 Fases de implantación.....	11
7.	Prevenición e o control do absentismo escolar .....	11
8.	Recursos .....	13
	Recursos espaciais .....	13
	Recursos materiais: .....	13
9.	Seguimento e avaliación do plan .....	14

## 1. Xustificación do plan de convivencia de centro

---

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa no seu Artigo 10. Plan de convivencia e normas de convivencia, expresase nos seguintes termos.

*“O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro.”*

Os centros educativos, como calquera outra organización social, pode acoller no seu seo conflitos, que por natureza non teñen por qué ser negativos, xa que en moitas ocasións a diversidade de visión e opinión a dinamizan, mais cando se fan crónicos e non se resolven, teñen moitas posibilidades de pasar a ser un elemento desestabilizador da Comunidade Educativa.

Por outra banda, existe unha percepción xeneralizada de que nos últimos anos se produciu un incremento notable dos conflitos nos centros escolares, entendidos como problemas de convivencia, que dificultan o normal desenvolvemento dos procesos de ensino aprendizaxe e que son os que máis preocupan ó profesorado e á comunidade escolar; ademais de outros problemas, máis visibles e relevantes para a sociedade, pese á súa menor incidencia real, debido ao seu impacto mediático como é o caso do fenómeno do acoso entre iguais (bullying) e da agresión física entre os membros da comunidade educativa.

En xeral, é un problema que preocupa á sociedade no seu conxunto, por iso a mellora da convivencia escolar é obxecto de interese por parte das organizacións sociais, das administracións educativas, e dos centros.

Para comprender o fenómeno da convivencia na súa totalidade e complexidade convén facer unha análise dos factores que se veñen apuntando como responsables do deterioro do clima social dos centros.

### **Factores sociais**

Problemas provocados polas características da sociedade actual, polas diferenzas interculturais ou os derivados de situacións de exclusión social.

## Factores psicolóxicos

Fan referencia a características como a impulsividade, a falta de tolerancia, a frustración, as relacións negativas cos adultos ou as escasas habilidades sociais.

## Factores educativos

Tipo de ensinanza e de currículo, as metodoloxías, resultados académicos do alumnado, a organización do centro, o tipo de relacións e o nivel de participación que se establece, tanto dos alumnos entre si como cos seus profesorado e entre este e as familias.

Estes factores educativos foron resaltados polo Ministerio de Educación e Ciencia no Congreso sobre "A disrupción nas aulas: problemas e solucións" (MEC, marzo 2006), do que se extraen as seguintes conclusións:

- A disrupción é o problema de convivencia máis estendido na maioría dos centros, cuxo resultado é a interrupción do proceso educativo.
- A disrupción está moi relacionada co fracaso escolar e, en consecuencia, o seu tratamento debe abordarse dende os mesmos ámbitos: o currículo, a organización escolar, as interaccións persoais e o estilo docente.
- Un modelo integrado de xestión da convivencia implica a todos e esixe o traballo en equipo do profesorado.
- Son as solucións de carácter inclusivo, baseadas na restauración do dano causado con tarefas ao servizo da comunidade, as que se amosan máis eficaces.
- Atender axeitadamente á diversidade prevén á disrupción.
- A titoría constitúe un elemento fundamental para a promoción e mellora do clima escolar. Unha titoría a todos os niveis: grupal, personalizada e coas familias.
- A formación inicial e permanente do profesorado pode e debe ser un dos compoñentes básicos da mellora da convivencia.
- En moitos casos considérase necesaria a colaboración co profesorado doutros profesionais do ámbito socioeducativo e psicopedagóxico.

A transversalidade destes factores fai que os centros educativos teñan un papel moi importante, aínda non definitivo, na reorientación de condutas conflitivas.

Co presente Plan de Convivencia preténdese fixar un documento que nos permita ter como referencia o respecto das normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas por toda a comunidade educativa na aula, no centro ou en calquera actividade complementaria ou extraescolar, para desta maneira termos un clima de concordia educativa e social.

Este Plan de Convivencia incorporárase ao Proxecto Educativo do centro (PE) como se sinala tanto na Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio, no seu artigo 121.2, como no xa citado artigo 10 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Este feito outórgalle a este Plan de convivencia un carácter estratéxico e dinámico que demanda a sensibilidade e o compromiso por parte dos membros da Comunidade Educativa acerca da importancia de que entre todos fagamos do noso centro un espazo de convivencia baseado na reflexión e na concordia.

## 2. Obxectivos

---

- Coñecer e valorar as características do alumnado, tanto desde o punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, á motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquiredanzas, ás relacións persoais; coa finalidade de producir as respostas educativas adecuadas.
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación e a súa interacción co resto da comunidade educativa
- Concienciar, sensibilizar e implicar a toda a comunidade educativa na importancia de lograr unha mellor convivencia escolar.
- Promover a cultura da convivencia pacífica no centro, xestionando de forma efectiva, enriquecedora e democrática o conflito.
- Transmitir os valores democráticos a través das vivencias diarias e das múltiples actuacións do centro, creando puntos de encontro que favorezan as relacións sociais entre tódolos membros da comunidade educativa.
- Favorecer procesos comunitarios e colaborativos que posibiliten a xestión da convivencia escolar, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.
- Avaliar e estudar de forma continuada o clima escolar do centro, analizando os casos de conflito que xurdan e promovendo cambios actitudinais.
- Desenvolver medidas orientada a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que poidan darse no centro tendo en conta a diferente tipoloxía do alumnado e a diversidade dos conflitos.
- Fomentar o diálogo como elemento favorecedor da prevención e resolución de conflitos en todas as actuacións educativas.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial, da importancia da estimulación dos fillos e das fillas, da promoción da súa autonomía,

dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe

- Divulgar e implantar entre todos os membros da comunidade educativa as NOF, especialmente naqueles artigos referidos ás normas internas de convivencia, á disciplina, á descrición e cualificación das faltas e dos procedementos de corrección das condutas que as incumpren.
- Reducir o número de sancións e expedientes abertos
- Asegurarse de que as instalacións reúnan un mínimo de condicións nas súas infraestruturas e educar ó alumnado na súa conservación e respecto.

### 3. Análise do contexto

---

As características tanto socioeconómicas da contorna como do alumnado e do centro xa quedaron reflectidas no Proxecto funcional. A implicación das familias no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos é baixa, e salvo algúns casos puntuais, so acoden ó centro para informarse e implicarse nos seus estudos, previa chamada dos titores ou Xefatura de Estudos.

#### 3.1 Detección de necesidades

Proceso para a detección do clima de convivencia e da problemática máis frecuente no noso centro, fíxose a través das seguintes vías:

- Aplicación de enquisas entre os distintos axentes educativos.
- Análise de suxestións, queixas e reclamacións.
- Análise de partes de incidencia e de expedientes.

#### Alumnado dos ciclos formativos

- A valoración global da convivencia no centro é boa. Os conflitos son practicamente nulos entre profesorado e alumnado, sentíndose, polo que indican as enquisas, estes últimos en moitas ocasións non tratados como adultos.
- Nas iniciativas de mellora da convivencia valoran de xeito significativo o mellorar os recursos do centro, seguido da de utilizar unha metodoloxía activa e participativa.

#### Alumnado de FPB

- O alumnado de FPB é moi diversificado: alumnado que non acadou os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria (cerca da metade con 15 anos), alumnado con necesidades educativas especiais, así como internos na Cidade Infantil ou de procedencia estranxeira e localización procedente de diversos centros educativos, co agravante do aumento de alumnos por aula

(20) e que alumnado con TDAH, ACIs, ou outras dificultades de aprendizaxe non computa como dobre praza, si carece de certificado de minusvalía.

- A valoración global é a de alumnado con problemas de falta de hábito de estudio, de traballo e con conductas disruptivas. Concentran unha grande parte dos problemas de convivencia no centro.

#### Profesorado

- Amosase descontento con respecto á valoración do seu traballo, reclama mellor colaboración entre compañeiros, así como a aplicación de actuacións alternativas que melloren a convivencia.

### 3.2 Indicadores

- A tendencia do número de alumnado expedientado.
- A cantidade de suxestións queixas e reclamacións.
- Evolución do número de partes de incidencia.
- Enquisas.

Os contidos máis frecuentes recollidos polo profesorado nos partes de incidencia son:

- Interrupcións inadecuadas na aula.
- Faltas de respecto cara ó profesorado ou alumnado.
- Insultos.
- Retrasos e ausencias inxustificadas.
- Mal uso dos móbiles e outros aparellos electrónicos.
- Comportamentos e comentarios sexistas.
- Consumo de tabaco e outras substancias.
- Danos materiais.
- E, en menor medida, acosos e agresións físicas

## 4. Liñas de prevención

---

O Plan de Convivencia enmarca os dous niveis de intervención básicos: prevención e intervención. A prevención diríxese a toda á comunidade educativa e tratará de promover un clima social positivo entre todos os seus membros, así como ofrecer estratexias para a resolución pacífica e enriquecedora dos conflitos; pola súa banda, a intervención vai dirixida a certos sectores da comunidade que reproduzan algunha situación de conflito ou de cara a previr situacións conflitivas máis graves, e derivará sas Normas de Organización e Funcionamento (NOF).

## **Implicar a toda a comunidade educativa na mellora da convivencia no centro**

Trátase de promover actuacións de carácter preventivo que traten de motivar cambios actitudinais en todos os membros da comunidade educativa. Nesta liña de actuación enténdese que toda a comunidade educativa ten a obriga de cumprir e facer cumprir, na medida das súas posibilidades, as normas de convivencia, polo que o profesorado deberá ter á súa disposición os documentos que rexen a vida no centro, en especial o PE e as NOF (ó profesorado de nova incorporación facilitaráselle un extracto de ditos documentos cando se incorpore ó centro) e nas primeiras sesións informará ó alumnado sobre as condutas aceptables así como das que non o son.

### **Promover accións preventivas**

- Organizar xuntanzas co profesorado dun grupo no que se detecten posibles problemas de convivencia, ou co fin de evitar que estes vaian en aumento.
- Organizar actividades no tempo de lecer, momento no que poden xurdir máis conflitos ou condutas contra as NOF (torneo de fútbol, curso de Photoshop, curso de xadrez,...)

### **Promover a resolución pacífica de conflitos**

- Formación permanente do profesorado en torno ó tema da Convivencia e a Resolución pacífica de conflitos.
- Promover a figura da Medición escolar.

### **Potenciar a acción titorial**

- Compromiso de exercer a titoría individual e de grupo, dentro da función docente, dirixida a todos e cada un dos alumnos, principalmente para atender ó alumnado con necesidades educativas específicas.
- Potenciar a figura do profesorado titor como mediador das relacións alumno-alumno, alumno-profesor, centro-familia...
- Necesidade de que o profesorado titor sexa o primeiro axente en coñecer a problemática do seu alumnado, para elo debe estar sempre informado dos distintos partes de incidencias que se lle cobren ao seu alumnado e propoñer en colaboración co profesorado que redactou ese parte unha acción correctora. Posteriormente informaráselle a xefatura de estudos xa que será o que executará a acción e contactará cas familias en caso necesario.

### **Promover a igualdade**

- Programa de coeducación.

## 5. Acoso escolar.

---

O acoso escolar é a intimidación e o maltrato entre escolares de forma repetida e mantida no tempo, case sempre lonxe da mirada de persoas adultas, coa intención de humillar e someter abusivamente a unha persoa indefensa por parte dunha persoa acosadora ou dun grupo mediante agresións físicas, verbais e sociais coa consecuencia de temor psicolóxico e rexeitamento grupal.

### 5.1 Onde se produce

- Durante o recreo: nos patios, en baños, corredores ...
- Na aula, cando o profesorado non o ve (escribe no encerado, atende outro compañeiro, cambios de clase ...)
- A través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas ...) ou Internet (redes sociais, chat ...)

### 5.2 Sinais de alerta

#### Da persoa acosada

- Faltas de asistencia reiteradas e absentismo grave.
- Descenso da concentración e rendemento escolar.
- Sentimento de culpa. Negación e ocultamento dos feitos.
- Síntomas depresivos: apatía, irritabilidade, insomnio, ansiedade, perda do apetito ...
- Illamento con respecto os compañeiros. Conductas de fuxida e evitamento.
- Medo e indefensión
- Conductas de resposta agresiva.
- Ameazas e/ou intentos de suicidio.

#### Da persoa acosadora

- Agresividade verbal e física. Conduta violenta e insultos.
- Acoso psicolóxico. Abuso de poder. Coaccións. Agresións contra a propiedade.
- Linguaxe corporal: miradas e xestos de desprezo ou rexeitamento
- Acoso sexual.

#### Dos compañeiros

- Colaboran no acoso. Reforzan a conducta do acosador.
- Gravan agresións. Apróbanas coa súa presenza.
- Ignoran e illan á persoa acosada.

### 5.3 Consellos de actuación do profesorado

#### Coa persoa acosada

- escoitar e valorar o que conta a persoa, mantendo a confidencialidade.
- Coñecer os sentimentos que sofre e poñerse no seu lugar.
- Manifestarlle apoio e dar esperanzas de solución.
- Acompañar no proceso de reparación do dano e do perdón.
- Vixiar que non se repitan as situacións.

#### Coas familias das persoas acosadas

- Tranquilizar, apoiar e poñerse no seu lugar.
- Manter a comunicación sobre as medidas que se van adoptando e a súa incidencia.
- Transmitirlle que a responsabilidade de deter a situación é compartida.
- Informalas de cales son as medidas máis axeitadas.

#### Coas familias das persoas que supostamente acosan

- Manter actitude de escoita, sen xuízos nin culpables previos.
- Solicitar a colaboración para frear o acoso, pedíndolles que se poñan no lugar da outra familia.
- Manter a comunicación sobre as medidas que se van adoptando e a súa incidencia.

#### Co alumnado

- Falar coas dúas partes por separado, mantendo a confidencialidade.
- Fomentar a mediación e actividades grupais de prevención de acoso escolar.
- Promover a responsabilidade do alumnado para comentarlle ó profesorado agresións e de colaboración na resolución do conflito.

#### Que se debe evitar

- Quitar importancia ás manifestación do alumnado.
- Enfrontar a vítima e agresor.
- Reunir inicialmente ás familias enfrontadas citándoas á mesma hora, día e lugar.
- Forzar situacións artificiais de solución (darse a man, petición de perdón, ...)

## 6. Mediación

---

### 6.1 Definición do servizo de mediación escolar

É un servizo confidencial que intenta axudar a resolver conflitos que se produzan no ámbito educativo, a través dun equipo de profesorado e alumnado, que de xeito voluntario e despois de ser formado especificamente, axude a buscar canles para resolver conflitos.

Está dirixido ao: alumnado, profesorado, equipo directivo, pais/nais e todo o persoal que traballe ou estea vinculado ó CIFP Montecelo.

### 6.2 Solicitude da mediación escolar

Pódese facer unha demanda a través do equipo directivo do centro ou do Departamento de Orientación, cada caso de mediación correrá a cargo de mediadores que, preferentemente, non serán docentes. A mediación realizaríase en horario conveniente para as partes e nun espazo axeitado.

### 6.3 Conflictos que se atenden

Calquera que teña orixe e/ou repercusión no ámbito escolar e atinxa a calquera membro ou estamento da comunidade educativa. A Mediación Educativa non substitúe nunca os procesos disciplinarios do centro, nin o estipulado nas NOF, nin as funcións do equipo directivo ou Departamento de Orientación.

### 6.4 Fases de implantación

Este proxecto iniciase cun proceso formativo dirixido a profesorado e alumnado, prioritariamente do primeiro curso dos Ciclos que se desenvolverían entre o segundo e o terceiro trimestre do curso escolar, contemplando a posibilidade de buscar canles de colaboración con outros centros da comarca.

A intención é que no segundo ano este alumnado leve o peso da mediación a demais de axudar a seguir formando novos mediadores

## 7. Prevención e o control do absentismo escolar

---

**Absentismo:** ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do **alumnado en idade de escolarización obrigatoria**. Para ser considerado absentismo esta ausencia debe supor un mínimo **do 10% do horario lectivo mensual**.

**Control da asistencia a clase:** deberá realizarse **diariamente** por parte do profesor/a do módulo correspondente, quen rexistrará as posibles ausencias segundo o procedemento establecido polo centro educativo nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia, nas que se establecerá, igualmente, o procedemento para que esas ausencias se introduzan no XADE.

**Faltas xustificables:**

1. Citacións que impliquen un deber inexcusable, sendo xustificable o tempo necesario
2. Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao
3. Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario
4. Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos
5. Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepciónais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non.

**Xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado:** realizarase ante o titor/a e por parte da persoa encargada da tutoría legal do alumno, acompañando, segundo proceda:

1. Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao
2. Documento acreditativo, no caso de deberes inexcusables, presentación a exames ou norte de familiares de primeiro ou segundo grao.
3. Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia

**Seguimento das faltas de asistencia e a súa comunicación:** o titor/a deberá comunicar aos encargados da tutela legal do/a menor todas as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas.

Antes da apertura de expediente: Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incremente de forma significativa o nº de faltas sen xustificar, o titor/a convocará ao representante legal do alumno/a a una reunión coa finalidade de analizar a situación e tratar de corrixila, evitando que se produza a apertura de expediente de absentismo. O alumno/a pode estar presente na referida reunión e levantarse acta.

**Apertura de expediente de absentismo:** Cando o titor/a verifique que o alumno/a presenta un nº de faltas de asistencia non xustificadas superior a un 10% do horario lectivo dun determinado mes propondrá, co visto e prace da dirección do

centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación ao xefe de estudos. O inicio deste expediente deberá realizarse, **máximo, dentro dos 7 días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o 10% do horario lectivo mensual.**

1. O titor convocará ao representante legal do alumno/a a una entrevista para analizar e resolver a situación se é posible. Levantarase acta. Informarase ao xefe de estudos. Se con esta intervención se reconduce a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente
2. No caso de que non se archive o expediente: a xefatura de estudos convocará ao representante legal do alumno/a a una entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar una solución. Levantarase acta. De reconducirse a situación, archivarase o expediente
3. De non archivarase o expediente, a dirección do centro notificará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello, xunto coa listaxe de faltas e o rexistro das actuacións. Esta notificación deberá producirse no prazo dos 30 días naturais dende o inicio do expediente de absentismo.

#### **Documentos que conforman o expediente:**

1. Rexistro de contactos do centro educativo coa nai, co pai ou coas persoas titoras legais, que elabora a xefatura de estudos
2. Acta da entrevista do titor/a cos representantes legais e co propio alumno/a, se é o caso
3. Acta da entrevista de xefatura de estudos representantes legais e co propio alumno/a, se é o caso
4. Listaxe de faltas non xustificadas
5. Rexistro de cumprimento das distintas actuacións. De ser o caso, informe da xefatura de estudos sobre os motivos do incumprimento dalgunha actuación.
6. Notificación do expediente de absentismo

## **8. Recursos**

---

### **8.1 Recursos espaciais**

O noso centro non conta con demasiados espazos para a práctica de diversas actividades, pero tentaranse optimizar as dependencias para acadar un maior aproveitamento dos recursos existentes.

### **8.2 Recursos materiais:**

Os recursos materiais empregados serán os propios da práctica docente e aqueles que vaiamos elaborando para as diversas actuacións se leven a cabo. Poderán empregarse recursos bibliográficos, audiovisuais, novas tecnoloxías (intentarase

que na páxina web apareza un espazo no que a comunidade educativa poida pórse en contacto co equipo de mediación)...

## 9. Seguimento e avaliación do plan

---

Este plan xurde cun obxectivo claro que é a mellora da convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa e a prevención da violencia no centro, debe ir unido as NOF xa que se non hai unhas normas claras de convivencia que rexan a vida do centro será moi difícil acadar un clima de respecto e tolerancia. O plan revisarase durante o curso académico nas distintas reunións da Comisión de Convivencia, para ver o cumprimento dos obxectivos fixados e para propoñer actividades ou iniciativas que promovan as modificacións pertinentes. Ó final do curso, unha vez analizados os datos, elaborárase unha Memoria onde se recollan os seguintes aspectos:

- Grao de cumprimento dos obxectivos do plan.
- Participación da comunidade educativa no desenvolvemento do plan.
- Adecuación dos espazos e dos recursos materiais ao plan de actuación.
- Propostas para a modificación e/ou mellora do plan para o seguinte curso.

Pontevedra, 30 de outubro de 2023



Asdo. Juan Miguel Carballa González